

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE MUGARDOS  
CURSO: 2º BACHARELATO  
MATERIA: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II  
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA  
DATA: 2 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave	
<b>1ª e 2ª avaliación: REFORZO – REPASO (non hai alumnos coa materia pendente)</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Explicar as técnicas de modificación das propiedades dos materiais tendo en conta a súa estrutura interna. Identificar as características dos materiais para unha aplicación concreta obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Diseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuitos lóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.2. Diseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Analizar o funcionamento de sistemas lóxicos secuenciais dixitais, e describir as características e as aplicacións dos bloques constitutivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuitos dixitais mediante equipamentos simulados, e verifica a súa forma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Analizar e realizar cronogramas de circuitos secuenciais, identificando a relación dos elementos entre si e visualizándoos graficamente mediante o equipamento máis axeitado ou programas de simulación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Diseñar circuitos secuenciais sinxelos analizando as características dos elementos que os conforman e a súa resposta no tempo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B5.3.1. Diseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Relacionar os tipos de microprocesadores empregados en computadores de uso doméstico, procurando a información en internet, e describir as súas principais prestacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Avance de materia 3º trimestre: AMPLIACIÓN</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Definir as condicións nominais dunha máquina ou unha instalación a partir das súas características de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar os principios de funcionamento dos motores térmicos e calcular o seu rendimento tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Boletíns de actividades semanais que se entregarán ó alumnado.</p> <p>Observación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro da entrega dos boletíns de actividades semanais na aula virtual.</p> <p>Arquivo das actividades entregadas polo alumnado. Estes boletíns cualificaranse sobre 10 puntos. Se valorarán do seguinte xeito: 1 punto a puntualidade na entrega (1 punto entrega en prazo, 0,5 puntos atrasos de ata unha semana, 0 puntos para atrasos maiores), 1 punto a lexibilidade e pulcritude do entregado e 8 puntos a valorar a realización das actividades.</p> <p>A cualificación das actividades do trimestre farase calculando a media aritméticas das cualificacións dos boletíns semanais de actividades.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final se obtén a partir da media aritmética das 2 primeiras primeiras avaliacións a que se suma ata 2 puntos de valoración das actividades feitas durante o terceiro trimestre ( para isto se multiplicará por 0,2 a cualificación das actividades do terceiro trimestre ). Aplicarase á nota da avaliación ordinaria o redondeo cara nota superior desde o medio punto e cara a nota inferior por debaixo do medio punto.</p> <p>Non hai alumnos con avaliacións suspensas.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Non hai alumnos con avaliacións suspensas, polo que todos aprobarán na convocatoria ordinaria.</p>
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Non hai alumnos coa materia pendente de cursos anteriores.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	
<b>Actividades</b>	Realizaranse actividades de repaso, reforzo e ampliación. Entregarase ó alumnado un boletín semanal de actividades por medio da aula virtual. O 100% do alumnado está conectado a aula virtual de Google Classroom.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Estanse a empregar tres plataformas de comunicación distintas co alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula virtual Google Classroom</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• Videoconferencia por medio da plataforma Webex</li> </ul> <p>Na medida do posible intentárase respectar o primeiro día da semana de clase co alumnado para subministrar un boletín de actividades semanal. Os alumnos teñen unha semana de prazo para realizalo e entregalo por medio da aula virtual. Fíxose deste xeito para que o alumnado tivese máis flexibilidade en canto a horarios de traballo e prazos. Dada a disparidade de medios cos que conta o alumnado, tamén se recollerán veces as actividades por medio do correo electrónico.</p> <p>En xeral o punto de partida de cada tema será o libro de texto da materia ou apuntamentos propios ou materiais libres. Empregarase o libro de texto da materia na medida do posible coa finalidade de facilitar o traballo a distancia ó alumnado, pois non todos os alumnos teñen os mesmos medios informáticos e posibilidades en materia de comunicacións.</p> <p>Se utilizarán vídeos de YouTube que se consideren atractivos para acompañar á base teórica, así como ferramentas interactivas de deseño ou simulación.</p> <p>Ademais das actividades de repaso ou ampliación proporanse actividades de reforzo voluntarias como medida de atención a diversidade.</p> <p>A resolución de dúbidas por parte do alumnado pode facerse por dúas vías: participación no foro da aula virtual ou correo electrónico. Tamén poden enviar mensaxes privados por medio da tarefa da aula virtual.</p> <p>Si un alumno carecese de conectividade, enviarase apuntes e boletíns de actividades ó centro, que serán impresos e se entregarán ó alumno por medio de Protección Civil ou calquera outro medio que dispoña a dirección do centro.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Estase a empregar como plataformas, a aula virtual de Google Classroom, correo electrónico e videoconferencias na plataforma Webex.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Se informará ó alumnado desta programación didáctica publicándoa na aula virtual de Goodle Classroom. A maiores enviarase un correo electrónico a cada alumno informando da publicación da programación na aula virtual Google Classroom e na páxina web do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/</a>